

Nome _____ Data _____

LEMBRA

Son **palabras homófonas** as que soan igual, aínda que signifiquen cousas distintas. Por exemplo, *beo* (forma verbal do verbo *beir*, emitir o seu son característico as ovellas) e *veo* (tea moi fina usada para cubrir a cabeza ou a cara).

Eu beo:
beee!




1 Subliña, en cada caso, a palabra homófona representada.




bota / vota



baca / vaca



vago / bago



rabo / ravo

2 Escribe o significado das palabras que non subliñaches na actividade anterior. Se o precisas, consulta o dicionario.

- _____
- _____
- _____
- _____

3 Completa cada oración coa palabra axeitada.

- Eu sempre _____ a cociña despois de lavar a louza. (*varro / barro*)
- Meu curmán, o brasileiro, _____ visitarnos mañá. (*ben / vén*)
- Esa ensalada con froita estache moi _____. (*voa / boa*)
- Grazas ao _____ aguardei ben a calor. (*abano / habano*).
- _____, que molesto! Non soporto o ruído desa máquina! (*hai / aí*)